

Expediente 5036-440

INFORME PROPOSTA

ACLARACIÓN Á CUESTIÓN FORMULADA POR VISIER ARQUITECTOS E SENER INGENIERIA E SISTEMAS RESPECTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS E DUN APARCAMENTO SOTERRADO, ASÍ COMO DUN PROXECTO REFUNDIDO DO CONXUNTO DO ESTADIO .

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 21 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o expediente de contratación número 5036-440 dos servizos de redacción do proxecto básico e de execución das obras das novas gradas de Gol e Marcador do Estadio Municipal de Balaídos e dun aparcamento soterrado, así como dun proxecto refundido do conxunto do Estadio.

Segundo.- En data 25 de novembro de 2017, publicouse no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, Visier Arquitectos e Sener Ingenieria e Sistemas, mediante escrito presentado no Rexistro WEB deste Concello o 21 de decembro de 2017, formula aclaración en relación cos medios persoais e materiais a adscribir a execución do contrato e concretamente coa figura do Director dos traballos .

II.- Aclaración

En contestación á solicitude formulada, a xefa do Servizo de Contratación informa o seguinte:

1º As características esixidas para o Director dos Traballos terá que telas unha única persoa. Non é posible a acumulación destas esixencias entre varios profesionais. Non obstante, e con relación aos medios persoais a adscribir ao contrato, compre aclarar que o licitador no momento de presentar as ofertas unicamente debe declarar o compromiso de adscribilos a execución do contrato de resultar adxudicatario do mesmo. En consecuencia, non é necesario que conte con eles no seu cadro de persoal no momento de presentar a oferta.

2º En relación coa acreditación da solvencia técnica, é necesario aclarar que, tal e como permite o artigo 63 do TRLCSP, esta se pode acreditar con recursos externos sempre e cando demostre que, para a execución do contrato, se dispón efectivamente deles. Dispón este artigo que "Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios".

3º En relación a experiencia esixida aos técnicos respecto dos proxectos de aparcamentos soterrados, é necesario aclarar, por mor das consultas formuladas ao servizo de Contratación telefónicamente, que non é necesario que estes sexan públicos.